

**ORDENANZA FISCAL Nº 15 REGULADORA
DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA
POTABLE A DOMICILIO.**

NATUREZA E FUNDAMENTO

ARTIGO 1

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 2

Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servizo de subministro de auga potable a domicilio, a petición do interesado.

SUXEITO PASIVO

ARTIGO 3

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades ás que se refire o art. 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou, incluso de precario.

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

RESPONSABLES

ARTIGO 4

Serán responsables solidarios das obrigacións tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os arts. 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO 5

Toda autorización, para disfrutar do servizo de augas, levará aparellada a obrigación de instalar contador nos inmobles sendo particular para cada vivenda que deberá ser colocado en sitio visible e de fácil acceso que permita a clara lectura do consumo que marque.

O abastecemento de augas potables a este municipio, é un servizo municipal, de conformidade coas prescricións vixentes, explotándose por conta e beneficio do Concello.

A taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no padrón correspondente, podendo prorratearse por meses.

Se se utiliza o servizo sen mediar solicitude, darase de alta de oficio no correspondente Padrón, liquidarase e notificarase ós interesados polo período non declarado, sen prexuízo das sancións e recargos que procedan.

Unha vez producida a alta no correspondente Padrón, a liquidación desta taxa farase por procedemento de padrón ou matrícula.

OBRIGACIÓN DE PAGO

ARTIGO 6

A Taxa regulada nesta Ordenanza é exisibile no momento que se inicie a prestación do servizo.

Establecido e estando en funcionamento o referido servizo, a Taxa devengarase o primeiro día do período que sinala a tarifa da Taxa, no seu caso, na data na que comece a prestación do servizo.

O pago da Taxa realizarase:

a) Tratándose da primeira liquidación, non exaccionada no padrón, no momento de presentarse a solicitude, en calidade de depósito previo, e o seu ingreso farase efectivo na Tesourería Municipal, ou no lugar que determine a Alcaldía-Presidencia.

b) Tratándose de liquidacións practicadas de oficio polo Concello, notificarase ós interesados os cales as poderan facer efectivas en vía voluntaria no prazo de un mes, sen prexuízo das sancións e recargos que procedan.

c) Tratándose de liquidacións efectuadas polo Padrón ou Matrícula esixirase nos períodos que sinala a tarifa da Taxa, ou no seu caso, nos períodos que sinala a Alcaldía-Presidencia, e o seu ingreso farase efectivo no período voluntario no prazo de dous meses dende a súa publicación no BOP.

DECLARACIÓN DE ALTA E BAIXA

ARTIGO 7

Os obrigados ó pago formularán as declaracións de alta nos Censos ou Padróns da Taxa e producirá efectos no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.

Os obrigados ó pago formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da Taxa e producirá efectos no período seguinte ó de presentación da mesma podendo, no seu caso, prorratearse por meses.

NORMAS PARA O SUBMINISTRO

ARTÍGO 8

Establécense as seguintes normas:

DAS ACOMETIDAS

1º.-As acometidas de auga dende a rede xeral de distribución ata a parte exterior das fincas, serán feitas polo Concello, a cargo do propietario, quen pode subministrar tódolos materiais que precisen, ou no seu defecto, aportalos o municipio, liquidándose pola oficina correspondente o importe dos xornais dos obreiros municipais, e no seu caso, dos materiais ós prezos do día, notificándose a liquidación ó interesado cun prazo de oito días para efectualo ingreso que, de non facelo será efectivo pola vía de constrinximento.

2º.-O diámetro da acometida ou conexión será calquera, se a derivación se practica por enxerto, pero cando se perfore o cano xeral, determinarase polo encargado do servizo, o punto de perforación e o diámetro máximo, do arranque da derivación.

3º.-Á entrada do inmovible e en sitio convinte, situarase unha chave de paso pechada nun rexistro de fábrica con tapa metálica, do que o material corre exclusivamente a cargo da Administración.

4º.-Unha vez establecidos os canons de servizo nunha finca, non poderán introducirse nelas ningunha alteración sen o consentimento do Concello.

5º.-A concesión haberá que solicitala á Xunta de Goberno Local, en impreso que facilitará a oficina de Rendas, enchendo os seus ocios polo solicitante sen ningunha omisión.

6º.-Ó outorgarse cada concesión farase constar na mesma polo encargado do servizo de Augas, o punto onde se fixo a toma e no que se coloca a chave da acometida, a dirección desta ó contador ou contadores e demais circunstancias especiais da instalación, que se consideren necesarias a xuízo do encargado do servizo.

7º.-Non se poderá facer variación ningunha en ningún elemento dos que compoñen a instalación, ou sexa, contador, billas, tubarías, etc. sen o correspondente permiso.

DOS CONTADORES

8º.-Establecerase para cada vivenda unha chave de paso e un contador que indique o consumo total en toda ela, que será o que sirva ó Concello, para face-la capacidade.

9º.-Os contadores situaranse na posición que lles sexa normal, en lugares de fácil acceso e limpos e de tal xeito, que pola súa situación e altura non resulte molesta a súa lectura polo encargado de facelo. En cada caso decidirase polo Concello o emprazamento máis axeitado para a facilidade da capacidade.

10º.-Todo aboado deberá avisar por escrito á Alcaldía, de calquera introducción, insuficiencia ou irregularidade no servizo, o que se comprobará polo persoal encargado, anotándoo na súa libreta e na do propietario, e só dende a data da anotación se contarán os días de interrupción ós efectos conseguintes.

11ª.-As liquidacións faranse trimestralmente e as lecturas dos contadores tomaráanse en presenza dos interesados ou representantes e se non concurrisen ó acto do aforo aplicarase a liquidación que dea o encargado da lectura, sen dereito a ningunha reclamación.

Ós usuarios da auga entregaráselle unha libreta onde se anotarán trimestralmente as lecturas, desta libreta, será responsable o usuario, e no caso de extravío, reclamará outra no Negociado, da que asinará o correspondente recibo. Se ó producirse unha incidencia entre o aboado e o Concello, non puidese aquel presentar esta libreta, perderá todo dereito a reclamación.

Ó encargado da lectura dos contadores, anotará esta na súa libreta e na do aboado.

12ª.-No caso de paralización ou desarreglo do contador, faranse liquidacións con arreglo ó trimestre anterior se a instalación non tivese un ano de existencia, e se a tivese con arreglo ó mesmo trimestre do ano anterior.

DO SUBMINISTRO

13ª.-As concesións de auga poderán facerse ós propietarios das fincas e tamén ós arrendatarios delas, serán sempre temporais e mediante o pago das tarifas vixentes.

Os arrendatarios deberán ser autorizados polos donos das fincas para introducir a auga nos locais que ocupan.

14ª.-Os abonos cos usuarios de auga, serán temporais, polo tempo que o aboado ocupe a vivenda, estando obrigados a dar conta á oficina de auga do cambio de residencia e traslados de vivenda dentro da poboación.

Cando o nome dun aboado ó subministro de auga, variase polo seu falecemento, ausencia, traspaso e outras causas, sempre que continúe no mesmo piso a familia ou entidade onde se veña subministrando o servizo de auga, a persoa que lle suceda deberá dar conta inmediata ó Negociado, suscribindo novo abono, sen que isto orixine o cambio do contador.

15ª.-A cobranza efectuarase mediante recibos trimestrais e se o pago non se efectuase dentro dos oito días seguintes ó da súa presentación, suspenderase o subministro de auga sen previo aviso, sen prexuízo do pago de arbitrio non fiscal sobre edificios que carecen dos servizos de salubridade e a reclamación do débito pola vía de constrictamento.

16ª.-No caso de interrupción parcial ou total do servizo xeral de augas, non terán os aboados dereito a ningunha indemnización.

17ª.-Será obrigatoria a instalación e adquisición de contadores de auga por conta dos usuarios. O Concello poderá por si mesmo ou mediante contrata, proceder á instalación de contadores e conservación dos mesmos, sendo de conta do usuario os gastos que esta instalación e conservación orixine. Así mesmo, o Concello poderá contrata-los servizos de lectura e outros relacionados con este servizo municipal de Augas.

18ª.-O sistema de calibres e marcas de contadores para a medición de auga, serán determinados con carácter xeral e obrigatorio polo servizo municipal de Augas. Non poderá usarse ningún contador que non fose previamente verificado pola Delegación de Industria.

CONTÍA

ARTIGO 9

A estrutura e contía deste Taxa, será a que figure na seguinte:

TARIFA:

A) USOS DOMÉSTICOS:

	€ m ³
1º bloque, ata 10 m ³ de consumo	0,377032
2º bloque, de 11 m ³ a 20 m ³	0,450818
3º bloque, exceso de 20 m ³	0,474491
Cota mensual de servizo	1,486
Cota mínima mensual	5,256

Ás vivendas que non teñan instalado contador, facturaráselles un mínimo de 9,49 € /mes, dándolle ó contribuínte para que instale o contador, de acordo co Regulamento e Normas técnicas, un prazo de seis meses, e no caso contrario procederase ó corte de subministro de auga.

B) USO COMERCIAL:

Comercios de venda menor, artigos de regalo, camisería, mercería, oficinas, tendas de alimentación e similares:

	€ M ³
1º bloque, ata 10 M ³ de consumo	0,450818
2º bloque, exceso de 10 M ³	0,511907
Cota mensual de servizo	3,508
Cota mínima mensual	8,016

C) USO INDUSTRIAL:

	€ m ³
1º bloque, ata 25 m ³ de consumo	0,450818
2º bloque, exceso de 25 m ³	0,524685
Cota mensual de servicio	3,508
Cota mínima mensual	14,778

Os locais comerciais e industriais que non teñan contador, facturaráselle un mínimo de 19,52 €/mes, dándolle ó contribuínte para que instale o contador, de acordo Regulamento e Normas Técnicas, un prazo de tres meses, no caso contrario, procederase ó corte do subministro de auga.

D) OBRAS DE CONSTRUCCIÓN:

	€ m ³
1º bloque, ata 65 m ³ de consumo	0,474968
2º bloque, exceso de 65 m ³	0,537161
Cota mensual de servicio	3,508
Cota mínima mensual	34,381

E) CANON DE CONSERVACIÓN DE CONTADORES

O canon de conservación polo servicio de mantemento, será de 0,166 €, máis IVE, para tódolos calibres, por abonado e mes.

A tódalas tarifas (usos domésticos, comercial, industrial, obras en construción), incrementaráselle o IVE correspondente.

EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

ARTIGO 10

Non se concederá ningunha exención nin bonificación na Taxa.

DEVENGO

ARTIGO 11

Devéngase a Taxa e nace a obrigaón de contribuír dende que teña lugar a prestación do servicio.

ENTRADA EN VIGOR

ARTÍGO 12

O presente acordo foi aprobado polo Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 24 de febreiro de 2011 e comenará a aplicarse unha vez transcurra o prazo previsto no art. 49 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Fechas anteriores modificacións:

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2000
 PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 17/12/2001
 PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002
 PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2003
 PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2004
 PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2005
 PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 26/12/2006
 PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 27/12/2007
 PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 26/12/2008

Fecha modificación actual:

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 09/05/2011